



As resolucións do 7 de decembro de 2000 pola que se aproban os planos de estudio de Historia e Historia da Arte establecen que os créditos cursados nas materias troncais das licenciaturas de Historia da Arte e Xeografía, no caso de Historia, e Historia e Xeografía, no caso de Historia da Arte, poderán ser recoñecidos como créditos optativos ata un máximo de 30 créditos”.

Coa inclusión deste parágrafo preténdese mante-la vinculación académica que sempre tiveron as titulacións que organiza a Facultade de Xeografía e Historia.

A redacción desta alínea está a introducir certa confusión ó interpreta-la palabra “cursados” unicamente como unha acción do pasado.

Co obxecto de establecer correctamente cales deben se-los criterios de interpretación destes planos de estudio e ó abeiro do artigo 107 das Normas de Xestión Académica

RESOLVO

Primeiro.- As materias troncais das titulacións de Historia da Arte e de Xeografía, no caso da titulación de *Historia*, e de Historia e Xeografía para a titulación de *Historia da Arte*, deben considerarse como materias propias do plano de estudos de Historia e Historia da Arte respectivamente

Segundo.- En virtude do establecido na alínea primeira desta resolución, non será necesario ningún tipo de solicitude previa por parte do alumnado para matricularse destas materias debendo facelo coa Convocatoria ordinaria de matrícula.

Terceiro.- En todo caso ó limite de matrícula nestas materias para cada alumno estará nos 30 créditos que establece o plano de estudos.

Cuarto.- Os alumnos recibiran a docencia destas materias nas titulacións ás que correspondan e no mesmo grupo docente que teñan asignado, segundo a normativa do centro, figurando nas actas das titulacións ás que pertencen estas materias troncais.

Quinto.- No caso de alumnos que tivesen cursado estas materias nas titulacións de Historia, Historia da Arte e Xeografía poderán solicitar que se lles recoñeza na titulación que están a cursar, segundo corresponda, o que se fará mediante a correspondente resolución de adaptación.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2001



O Rector

Darío Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral; Sr. Decano da Facultade de Xeografía e Historia; Sr. Xefe da Asesoría Xurídica; Sra. Xefa do Servizo de Alumnado; Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur; Sr. Director do COIE; Sr. Director do SEIN.